



XUNTA DE GALICIA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA POLO QUE SE ENCOMENDA A XESTIÓN DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN BÁSICOS DO SISTEMA GALEGO DE SERVIZOS SOCIAIS (SIUSS-SIUSSGAL/PBSS E MATIASS).**

En Santiago de Compostela, 20 de xullo do 2021.

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social da Xunta de Galicia, en virtude do DECRETO 112/2020, de 6 de setembro, polo que foi nomeada conselleira, actuando en nome e representación da Administración Xeral da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Outra parte, Dona Miriam Rodríguez Sierra, Presidenta da Xunta de Goberno do Consello Oficial de Traballo Social de Galicia (en diante, COTSG), nomeada pola Xunta de Goberno do COTSG na súa reunión do 9 de xaneiro de 2018, de conformidade coas facultades que lle outorga o artigo 40.2 dos Estatutos do Colexio aprobados Decreto 47/2017, do 27 de abril.

Ambas partes teñen plena capacidade para formalizar o presente Convenio e na súa virtude,

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-**Que, de acordo co establecido no artigo 1 do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, correspóndelle a esta consellería propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, englobando as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, inmigración,



XUNTA DE GALICIA

atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as de xuventude e voluntariado, así como dos servizos sociais comunitarios, ademais das establecidas na Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e do seu Presidente.



**Segundo.**-Que o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia é unha corporación de dereito público, de ámbito autonómico, que se rexe polo disposto no artigo 36 da Constitución, na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, nos Estatutos do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais e polos seus propios Estatutos, aprobados polo Decreto 47/2017, do 27 de abril.

Que, de acordo co artigo 5 b) da devandita Lei de Colexios Profesionais e no artigo 7 dos seus Estatutos, corresponde ao COTSG exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola Administración e colaborar con esta mediante a realización de estudos, emisión de informes e ditames, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que poidan serlle solicitadas ou acorde formular por propia iniciativa.

Así mesmo, o artigo 4 dos Estatutos do COTSG establece que o mesmo relacionarase coa administración pública no referente á profesión e os seus contidos a través da consellería competente en relación coa profesión.

**Terceiro.**- A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o artigo 27.23 do seu Estatuto de Autonomía, ten competencia exclusiva en materia de acción social e, na súa virtude, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (en diante, Lei de Servizos Sociais) na que se regulan, en canto que servizo público, os servizos sociais de Galicia de cara á construción do sistema galego de benestar como un elemento fundamental do Estado do Benestar, establecendo asemade os instrumentos de coordinación dos diferentes elementos integrados no dito sistema e coas restantes políticas públicas sectoriais que incidan na mellora do benestar da cidadanía galega.

Así, o sistema estrutúrase en forma de rede, en coherencia co carácter multidimensional e a natureza dinámica da intervención social, co fin de dar unha resposta adecuada en contornas complexas, cambiantes e diversas nos distintos niveis e subniveis de actuación: os servizos so-





XUNTA DE GALICIA

ciais comunitarios, cuxa creación e xestión é competencia municipal, e os servizos sociais especializados, de competencia autonómica. Nos servizos sociais comunitarios diferéncianse, a súa vez, dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos (esixencia universal para as administracións locais galegas, ás que corresponde prestar directamente os programas e servizos comprendidos neste subnivel, como servizos mínimos que os concellos deben garantir en canto que constitúen as instancias ordinarias de acceso á rede pública de servizos sociais, opción adoptada polo lexislador autonómico, procurando a facilidade e efectividade de acceso a estes servizos para todas as persoas, en aplicación do principio de subsidiariedade) e os servizos sociais comunitarios específicos (configurados, así mesmo, como servizos de proximidade mediante os que se desenvolven programas e/ou xestionan centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, aínda que, atendendo á peculiaridade da súa natureza ou outra circunstancia debidamente xustificada no marco do Plan Estratéxico de Servizos Sociais, poden ser asumidos pola Xunta de Galicia).



Dentro desta rede correspóndelle á Xunta de Galicia, de acordo co artigo 59 da Lei de Servizos Sociais, entre outras competencias, tanto a planificación e programación xeral do sistema (incluído aos servizos sociais comunitarios) como o asesoramento e a asistencia técnica ás entidades e institucións que participan na prestación dos servizos sociais, co fin de que a súa actuación se adecúe ao disposto no marco normativo autonómico, así como a xestión, actualización e coordinación dun sistema de información estatística dos servizos sociais.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, desenvolve a Lei de servizos sociais no relativo á natureza, funcións, contido, funcionamento e financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais e, ao tempo, senta as bases para a coordinación operativa entre os servizos sociais comunitarios e o resto dos axentes do sistema galego de servizos sociais: neste sentido é de singular importancia o respaldo normativo a un *sistema unificado de información básica sobre as persoas usuarias*, de xeito que os profesionais e os xestores do sistema doten as súas intervencións dunha maior coherencia e eficacia, sistema que, ademais, constitúe o soporte fundamental a partir do cal se constrúe e desenvolve a Historia Social Única Electrónica.

Así, o artigo 10 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, ao regular a rede profesional e os mecanismos para a súa axeitada coordinación, parte da obriga dos profesionais dos servizos so-





XUNTA DE GALICIA

ciais comunitarios que desenvolvan os diferentes programas e servizos de participar dos sistemas de coordinación metodolóxica e formación permanente que estableza o órgano directivo competente da Xunta de Galicia.

A Consellería de Política Social ten establecidos os seguintes instrumentos tecnolóxicos para facilitarlle ao persoal técnico dos servizos sociais básicos, específicos e especializados, tanto a súa formación continua, como a abordaxe integral de todos os recursos e prestacións dispoñibles no sistema, así como os dirixidos á homologación metodolóxica dos traballadores e traballadoras sociais, en base á sistematización da información para o adecuado e homoxéneo desenvolvemento do exercicio profesional en todo o territorio da comunidade autónoma e a obtención de indicadores comúns que posibiliten as explotacións estatísticas correspondentes:

- O Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais de Galicia (SIUSSGAL), cuxo rexistro e mantemento actualizado correspóndelle aos traballadores sociais, como profesionais de referencia dos servizos sociais comunitarios, e no que se recollen, entre outros datos, toda a demanda de servizos sociais que neles se recibe, así como as intervencións sociais subseguintes, no seu caso, de acordo coas instrucións emanadas do órgano competente da Xunta de Galicia, ao tempo que constitúe unha fonte de información para outra aplicación informática, a denominada Prestacións Básicas de Servizos Sociais (PBSS), que é o sistema de información da Administración do Estado para o seguimento e xustificación anual do Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais, que ven articulando desde o ano 1988 unha cooperación económica e técnica entre a Administración do Estado, a Administración Autónoma e as distintas Corporacións Locais, co fin último de contrastar os datos das persoas usuarias atendidas polos servizos sociais comunitarios municipais cos datos do gasto realizado polas tres administracións cofinanciadoras.

- O Manual de Traballo, Información e Asesoramento de Servizos Sociais (MATIASS), plataforma web para a formación continua e de apoio técnico aos/ás profesionais técnicos dos servizos sociais, que lles facilita documentos de referencia, así como a información relevante para guíalos de cara a facilitarles que poidan prestarlle unha atención eficaz ás diferentes demandas de servizos sociais das persoas usuarias.




XUNTA DE GALICIA

**Cuarto.-** Que entre os medios que a Lei 40/2015, do 1 do outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público pon ao dispor das administracións públicas para o cumprimento dos seus fins e para o exercicio das súas competencias atópase o da encomenda de xestión. Este instrumento habilita aos órganos administrativos para encomendarlle a outros órganos ou entidades de dereito público a realización de actividades de carácter material ou técnico da súa competencia por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño, sen que supoña a cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do órgano encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico lle dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

**Quinto.-** Como precedente ao presente convenio, o 14 de agosto do 2019 asinouse o Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para a encomenda de xestión dos sistemas de información básicos do Sistema Galego de Servizos Sociais por un ano de duración, actualmente vixente en virtude do acordo de prórroga asinado o 12 de agosto do 2020.

Por todo o exposto, ambas as partes, ao abeiro do artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público acordan subscribir o presente Convenio de encomenda de xestión, que se rexerá polas seguintes:




## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente Convenio é instrumentar e regular as condicións específicas que rexerán a encomenda de xestión que a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia lle realiza ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para o desenvolvemento das actividades técnicas necesarias para o mantemento actualizado dos sistemas de información básicos dos servizos sociais, baixo as instrucións do órgano competente da Xunta de Galicia (na actualidade, a Dirección Xeral de Inclusión Social) englobando a realización das seguintes actividades:



1. Xestión dos distintos perfís de acceso de usuarios de SIUSSGAL por parte do persoal dos servizos sociais comunitarios de Galicia en función dos roles e niveis de acceso establecidos polo órgano competente da Xunta de Galicia, en función das necesidades do posto de traballo desenvolvido con estrito cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal.
2. Asesoramento permanente ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios, nomeadamente de tipo técnico-conceptual, sobre as táboas de codificación establecidas para os diferentes campos de información nos que se rexistran as intervencións sociais, velando pola máxima homoxeneidade na súa cobertura, de maneira que permita dispoñer dunha información fiable e contrastada, que poida ser explotada con ferramentas de tipo tecnolóxico, promovendo a rigorosidade na súa utilización efectiva, baixo os criterios técnico-profesionais establecidos pola Dirección Xeral de Inclusión Social, co fin de garantir o adecuado rexistro en SIUSSGAL da información integrante dos expedientes sociais que debe ser introducida polos profesionais de referencia do Sistema Galego de Servizos Sociais.
3. Desenvolvemento das accións formativas dirixidas ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais en materia de SIUSS/SIUSSGAL que se organicen no marco do Plan de Formación Continua aprobado anualmente pola Dirección Xeral de Inclusión Social, ata un máximo de catro accións formativas de 12 horas de duración cada unha.
4. Manter a debida interoperabilidade, permitindo que a información recollida en SIUSSGAL polos servizos sociais comunitarios das corporacións locais poda transferirse de xeito automático á Administración do Estado (incluíndo toda a información que esta administración autonómica debe remitirle anualmente ao Ministerio competente por razón da materia) a través da aplicación informática de titularidade estatal denominada Prestacións Básicas de Servizos Sociais (PBSS).
5. Publicar a información e os contidos técnico-profesionais que supoñan actualizacións relevantes nos diversos eidos dos servizos sociais, e proceder a súa divulgación a través da plataforma web MATIASS (Manual de Traballo, Información e Asesoramento de Servizos Sociais), este labor realizarase diariamente, con carácter permanente, co obxecto, por unha banda, de manter ao día o conxunto de programas, servizos, recursos e prestacións exist-





XUNTA DE GALICIA

tentes na comunidade autónoma galega, e por outra, de facilitar a atención das persoas usuarias, publicando na web <https://matiaass.xunta.es/> os novos recursos, servizos ou programas de servizos sociais, as novidades normativas, así como formularios, modelos, documentos-tipo, documentos técnico-profesionais de referencia, ou información sobre convocatorias de subvencións e axudas, con alertas sobre os prazos e os requisitos das solicitudes correspondentes, sobre a tramitación de prestacións sociais, ou sobre a celebración de congresos, cursos, seminarios, xornadas..., de maneira que se lles facilite unha información funcional de todas as prestacións e os recursos de protección social a todos os profesionais técnicos do sistema galego de servizos sociais, e cunha supervisión técnica especialmente focalizada na figura dos profesionais de referencia do sistema galego de servizos sociais (traballadores sociais dos servizos sociais comunitarios).

Este labor supón un seguimento e revisión constante da información en materia de servizos sociais, co obxecto de melloralala ou incorporala ao MATIASS a medida que se vaia producindo: en xeral, publicarase toda nova de actualidade con transcendencia no eido dos servizos sociais, de maneira consensuada co coordinador da encomenda. Tendo en conta que o sitio web MATIASS está aloxado na páxina institucional da Xunta de Galicia, o COTSG deberá dotarse dos medios e instrumentos necesarios para manter a conexión coas redes informáticas da Xunta de Galicia e xestionar o control e seguimento do acceso ao sitio web <https://matiaass.xunta.es/>, se ben contará coa colaboración da Dirección Xeral de Inclusión Social na realización xestións precisas dirixidas a este fin.

6. Impulsar e reforzar a participación do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios no uso dos devanditos sistemas, complementando as accións da Dirección Xeral de Inclusión Social e, nomeadamente, contribuíndo a integrar as táboas de codificación establecidas pola Consellería de Política Social na dinámica diaria de traballo dos ditos profesionais.

#### Segunda.- Obrigas da Consellería de Política Social

- Ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integran as actividades encomendadas na cláusula anterior, de acordo co Anexo II.



XUNTA DE GALICIA

- Supervisar que as actividades sexan desenvolvidas de acordo coas estipulacións do presente Convenio e ditar as instrucións que se estimen precisas para a dirección das actividades encomendadas.
- Poñer a disposición do COTSG os materiais e medios técnicos necesarios e a documentación técnica e divulgativa de apoio que lle sexa requirida para o axeitado desenvolvemento das actividades encomendadas. O persoal técnico da Dirección Xeral de Inclusión Social colaborará e asesorará ao persoal adscrito polo COTSG á execución da encomenda para as explicacións, trámites ou xestións que lles soliciten no marco das actividades encomendadas.
- Financiarlle ao COTSG os gastos ocasionados polas actividades encomendadas ata un máximo de 416.676,96 €, consonte ao orzamento e ás anualidades que se recollen no Anexo I con cargo á aplicación orzamentaria correspondente aos orzamentos da Dirección Xeral de Inclusión Social, 13.03.313C.227.99 (proxecto 2013 00626). O aboamento dos ditos gastos realizarse mediante pagamentos parciais de carácter mensual, sobre a base das actividades realmente desenvolvidas, e logo de que se verifique a súa adecuación ás estipulacións deste convenio por parte do coordinador da encomenda, debendo achegar o COTSG a factura correspondente a través do sistema electrónico de facturación da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Coordinar, desde o punto de vista técnico, os traballos para a realización e desenvolvemento das accións e actuacións obxecto deste convenio, de maneira que se complementen cos traballos levados a cabo polo persoal técnico da Dirección Xeral de Inclusión Social, co obxectivo da mellora na prestación dos servizos sociais.
- Designar un/unha funcionario/a, como coordinador/a da presente encomenda, coa función de certificar a entrega dos traballos encomendados e a súa adecuación ás estipulacións do presente convenio.

**Terceira.- Obrigas do COTSG:**

- Exercer as funcións encomendadas de acordo cos requisitos, procedementos e criterios establecidos na normativa reguladora dos instrumentos correspondentes, con suxeición aos criterios comúns e mínimos consensuados no seo da Comisión de Seguimento da encomenda, baixo as instrucións da Dirección Xeral de Inclusión Social. As actividades e os actos realizados no





XUNTA DE GALICIA

exercicio desta encomenda axustaranse, en todo caso, ás normas legais aplicables aos procedementos e respectaran os limites e condicións determinados no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

- Adscribir á realización da encomenda a un equipo dirixido pola persoa/s designada/s polo CO-TSG composto, como mínimo, por dúas persoas con titulación universitaria, e a lo menos unha delas deberá posuír a titulación universitaria de traballo social, debendo prestar os seus servizos a xornada completa. En todo caso, a persoa encargada da xestión de todo o relativo ás aplicacións SIUSS-SIUSSGAL e PBSS deberá estar en posesión do certificado acreditativo do Curso Superior de Formador de Formadores de SIUSS-versión 5. A Dirección Xeral de Inclusión Social supervisará a composición do equipo e deberá prestar súa conformidade a calquera proposta de cambio ou modificación na súa composición.

- Achegar os medios suplementarios aos facilitados pola Dirección Xeral de Inclusión Social que sexan precisos para o desenvolvemento das accións e actuacións que requira o desenvolvemento da xestión encomendada.

- Enviar, antes de que finalice o primeiro trimestre do ano seguinte ao remate da execución da encomenda, un informe-memoria das actividades desenvolvidas no ámbito desta encomenda, elaborado consonte as directrices que se establezan desde a Dirección Xeral de Inclusión Social.

#### **Cuarta.- Comisión de Seguimento**

Constituirase unha comisión formada por dous/dúas representantes de cada parte asinante, para a resolución de cantas dúbidas e controversias poidan xurdir no desenvolvemento e cumprimento desta encomenda. Así mesmo, esta comisión supervisará a programación das actividades concretas ás que se refire o presente convenio, e avaliará e controlará as actividades realizadas.

A comisión reunirse en sesión constitutiva nun prazo non superior a un mes desde a sinatura deste acordo de encomenda. Así mesmo, reunirse tantas veces como o soliciten as partes para analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados, propor a resolución dos conflitos



XUNTA DE GALICIA

específicos que puidesen exporse e realizar calquera outra actuación de coordinación que se estime precisa.

O Presidente da Comisión terá voto dirimente, segundo o artigo 20.2.d) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na devandita lei e na Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### Quinta.- Seguridade da información.

O COTSG terá a consideración de encargado do tratamento en relación cos datos persoais aos que, no seu caso, teña acceso no desenvolvemento dos traballos encomendados e comprométese ao cumprimento das normas sobre confidencialidade e protección de datos consonte o previsto no contrato específico de encargado do tratamento, que se asinará con carácter previo á efectividade e inicio de execución da encomenda, e de conformidade coas instrucións da Consellería como responsable da información, así como ao cumprimento de todas as obrigas derivadas da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento 2016/679, Xeral de Protección de Datos.

No marco das condicións establecidas no dito contrato, o COTSG deberá tratar a información e os datos unicamente conforme ás instrucións da Consellería de Política Social e do Centro de Xestión de Rede da Xunta de Galicia e ao disposto na Resolución do 4 de maio do 2018 pola que se lle da publicidade á modificación da política de seguridade da información da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respectando en todo caso o segredo profesional e sen aplicarlos a outro fin distinto do previsto nesta encomenda, nin comunicalos a outras persoas. Para estes fins, o COTSG deberá adoptar todas as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade da información e dos datos, evitando a alteración, perda e o acceso non autorizado aos ditos datos. O COTSG queda obrigado, igualmente, a conservar, debidamente custodiados, os documentos de traballo e o resto da información, de xeito que se garanta a súa confidencialidade e se impida a súa utilización en proveito de terceiras persoas ou a revelación a terceiros. Unha vez cumprida a encomenda, os datos de carácter persoal que estean a disposición do COTSG deberán ser devoltos á consellería, xunto cos docu-





XUNTA DE GALICIA

mentos ou soportes nos que consten, sen prexuízo de conservalos, debidamente bloqueados, en tanto puideran derivarse responsabilidades para o COTSG.

#### Sexta.- Vixencia

O período de vixencia do presente convenio coincidirá coa duración da encomenda de xestión por espazo de catro anos a computar dende o 15 de agosto do 2021, data de entrada en vigor. Deste xeito, a duración da encomenda de xestión abranguerá dende o 15 de agosto do 2021 ata o 14 de agosto do 2025, ambas as dúas datas incluídas.

Non obstante, poderá ser obxecto de prórroga que, en todo caso, deberá ser expresa, se se manteñen as circunstancias que a xustifican, tendo en conta as necesidades permanentes de apoio, asesoramento técnico e formación continua do persoal técnico do sistema galego de servizos sociais, en xeral, e de apoio técnico e formación en materia de SIUSSGAL/PBSS dos traballadores sociais dos servizos sociais comunitarios, en particular, salvo que sexan adoptadas medidas organizativas ou doutra índole que permitan adecuar os medios dispoñibles para levar a cabo as actividades encomendadas.

Non obstante, serán causas de resolución anticipada do Convenio as previstas na cláusula sétima.

En todos os casos as partes terán que adoptar as medidas que sexan necesarias para finalizar todas as tarefas e compromisos vixentes no momento da causa de resolución anticipada.

#### Sétima.- Modificación e extinción do Convenio.

- A encomenda de xestión poderá ser modificada antes da súa finalización, por acordo expreso das partes.

- O presente Convenio extinguirase polas seguintes causas:

1. A finalización do prazo establecido sen prórroga expresa.





2. A resolución acordada en calquera momento, a proposta do departamento competente en materia de servizos sociais comunitarios, previa audiencia ao COTSG, por inaplicabilidade do convenio ou o incumprimento manifesto das súas cláusulas.
3. A imposibilidade manifesta, legal ou material, de levar a cabo o cumprimento das súas previsións.
4. O mutuo acordo das partes, manifestado por escrito, sen prexuízo da subsistencia das obrigas xa contraídas ao seu abeiro.
5. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.
6. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo materializado no presente convenio.



**Oitava. Publicidade da subscrición do convenio.**

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, a Consellería de Política Social achegará os datos necesarios para a publicidade do convenio no rexistro correspondente.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

**Novena. Resolución de controversias.**

Os acordos adoptados polo COTSG no exercicio da encomenda poderán recorrerse en reposición ante o/a titular da consellería competente en materia de servizos sociais comunitarios, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Proced-



XUNTA DE GALICIA

mento Administrativo Común das Administracións Públicas. O COTSG emitirá os informes técnicos en relación cos recursos administrativos que se interpoñan ante o órgano competente.

O presente convenio ten carácter administrativo e se rexerá polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, polos principios xerais da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

As cuestións litixiosas ou controversias que poidan xurdir entre as partes na súa aplicación, interpretación e cumprimento, serán resoltas polo/a o/a titular da consellería competente en materia de servizos sociais comunitarios, na súa condición de titular do órgano encomendante e, no seu caso, o seu coñecemento e competencia corresponderalle á orde xurisdiccional contencioso-administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición. Para estes efectos, o/a titular da consellería poderá valorar a proposta de acordo que, de ser o caso, lle presente a Comisión de Seguimento.

E en proba de conformidade, subscríbese, o presente Convenio no lugar e data que se indican e a un só efecto.

A CONSELLEIRA  
DE POLÍTICA SOCIAL

Fabiola García Martínez



A PRESIDENTA DA XUNTA  
DE GOBERNO DO COLEXIO  
OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL  
DE GALICIA

Miriam Rodríguez Sierra

Tel: 981 941 898  
[www.traballosocial.gal](http://www.traballosocial.gal)  
[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)



Colexio Oficial  
de Traballo Social  
de Galicia



ANEXO I

**Orzamento desagregado correspondente á encomenda realizada pola consellería de política social ao colexio oficial de traballo social de Galicia no marco da xestión dos sistemas de información básicos do sistema galego de servizos sociais: SIUSS-SIUSSGAL/PBSS E MATIASS.**

O importe total de 416.676,96 € polas actividades enumeradas na cláusula segunda do Convenio durante o período fixado na cláusula sexta e que serán financiados con cargo á aplicación 13.03.313C.227.99 (Proxecto 2013 00626) dos orzamentos de gastos da Consellería de Política Social, coa seguinte desagregación:

Actividade nº 1: Xestión do sistema de información estrutural dos servizos sociais MATIASS (Manual de Traballo, Información e Asesoramento de Servizos Sociais): Importe (IVE incluído): 192.000,00 €

Actividade nº 2: Xestión do sistema de información de usuarios de servizos sociais de Galicia(SIUSS-SIUSSGAL): Importe: 192.000,00 €


Actividade nº 3: Implementación dos requirimentos semánticos, conceptuais e tecnolóxicos precisos para o transvasamento dos datos desde SIUSS-SIUSSGAL ao PBSS, así como para a debida coherencia e homoxeneidade terminolóxica: 32.676,96 €

Inclúen todos os gastos: remuneración do persoal técnico adscrito a execución da encomenda, gastos correntes da entidade ocasionados pola execución da encomenda, gastos de desprazamento necesarios para a execución da encomenda.

O aboamento efectuarase mensualmente mediante pagamentos parciais, previa a conformidade do coordinador da encomenda coa xestión desenvolvida por parte COSTG.

Consonte ao indicado nos parágrafos anteriores, o reparto de anualidades suporían as seguintes contías máximas:

ANO	IMPORTE
2021	39.063,74 €
2022	104.169,24 €
2023	104.169,24 €
2024	104.169,24 €
2025	65.105,50 €
<b>TOTAL</b>	<b>416.676,96 €</b>





## ANEXO II

### Actos, actuacións ou resolucións con relevancia xurídica da Dirección Xeral de Inclusión Social que dan soporte ás actividades encomendadas.

- O mantemento das táboas de codificación de SIUSS-SIUSSGAL, a descrición dos códigos correspondentes ás valoracións, demandas, recursos aplicados e recursos idóneos de acordo coas carteiras de servizos aprobadas.
- Presentación anual no PBSS da relación certificada dos Proxectos Anuais dos distintos servizos sociais comunitarios municipais que se cofinancian no marco do Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais así como dos Certificados de retención de crédito, tanto da aportación da Comunidade Autónoma de Galicia como de todas as corporacións locais do seu ámbito territorial.
- Presentación anual no PBSS dos datos da execución dos Proxectos Anuais cofinanciados no marco do Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais xunto coa documentación correspondente (Fichas avaliación con o resumo dos proxectos e o seu financiamento e o Certificado de execución do gasto ou certificado de remanentes, no seu caso).
- Aprobar o Manual de indicadores e o modelo operativo publicado no MATIASS para o diagnóstico social, como ferramenta metodolóxica que permite a observación global, a través da construción dun sistema de indicadores de todas as necesidades básicas, así como as pautas metodolóxicas do traballo social e os criterios de actuación que se publiquen, atendendo á metodoloxía e normativa vixentes.
- Xestionar as claves de acceso ao MATIASS para todas as entidades prestadoras de servizos sociais que cumpran os requisitos e asuman os compromisos establecidos pola Consellería de Política Social.



T. 981 568 100\_F. 981 941 898  
www.traballosocial.gal  
info@traballosocial.gal







**RESOLUCIÓN do 29 de xullo do 2021, pola que se procede ao nomeamento do coordinador/a da encomenda instrumentada no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia polo que se encomenda a xestión dos sistemas de información básicos do Sistema Galego de Servizos Sociais (SIUSS-SIUSSGAL/PBSS e MATIASS).**

O día 20 de xullo de 2021 a Consellería de Política Social e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia asinaron o Convenio de colaboración no que se instrumenta e regulan as condicións específicas que rexerán a encomenda de xestión que a Consellería Política Social efectúa ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para o desenvolvemento das actividades técnicas necesarias para o mantemento actualizado dos sistemas de información básicos dos servizos sociais, baixo as instrucións do órgano competente da Xunta de Galicia (na actualidade, a Dirección Xeral de Inclusión Social).

A cláusula segunda do dito convenio dispón, entre as obrigas da Consellería de Política Social, a de designar un/unha funcionario/a, como coordinador/a da encomenda, coa función de certificar a entrega dos traballos encomendados e a súa adecuación ás estipulacións do convenio.

Polo exposto,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear a Dona Sonia Piñeiro Saá, subdirectora xeral de Servizos Sociais Comunitarios e Xestión Económica, como coordinadora da encomenda de xestión dos sistemas de información básicos do Sistema Galego de Servizos Sociais (SIUSS-SIUSSGAL/PBSS e MATIASS).

**Segundo.-** Notificar o dito nomeamento ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 29 de xullo do 2021.

A conselleira de Política Social

  
Fabiola García Martínez  